



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
EOI de Santiago de Compostela



Sección de Sar

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19

NO ANO LECTIVO 2020-2021

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Extensión EOI Santiago (Sar)

Versión 12-11-2020



Índice

Índice	0
Medidas de prevención básica	2
0. Datos do centro.....	2
1. Membros do equipo COVID-19.....	2
2. Centro de saúde de referencia.....	2
3. Outros contactos e recursos de referencia	3
4. Espazo de illamento COVID e elementos de protección que inclúe	3
5. Número de alumnas e alumnos por nivel e etapa	3
6. Cadro de persoal do centro educativo	4
7. Distribución de aulas.....	4
8. Canle de comunicación.....	4
9. Rexistro de ausencias.....	5
10. Comunicación de incidencias.....	5
Medidas xerais de protección individual	7
11. Croques de situación dos pupitres nas aulas con identificación da posición do profesorado.....	8
12. Distancia interpersonal e aulas	9
13. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos (cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas).....	9
14. Titorías co alumnado e as familias.....	9
15. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro	10
16. Uso da máscara no centro	10
17. Información e distribución do plan entre a comunidade educativa.....	11
Medidas de limpeza.....	11
18. Protocolo de limpeza.....	11
19. Distribución horaria do persoal de limpeza	11
20. Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza	11
21. Cadro de control de limpeza dos aseos.....	11
22. <i>Checklist</i> para anotar as ventilacións das aulas	11
Material de protección	12
23. Rexistro e inventario do material de que dispón o centro	12
24. Sistema de compras do material de protección	12

25. Distribución, entrega e reposición do material	12
Xestión dos gromos	12
26. Medidas	12
27. Responsable das comunicacións das incidencias ás autoridades sanitaria e educativa.....	16
28. Xestión peticións supostos de vulnerabilidade: Procedemento de solicitudes.....	16
Medidas de carácter organizativo	16
29. Entradas e saídas	16
30. Circulación polo centro.....	17
31. Carteis e sinais	18
32. Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva	18
33. Xuntanzas do Consello Escolar	18
34. Titorías e comunicacións coas familias.....	19
Medidas para os espazos do centro.....	19
35. Aulas, departamentos e salas de traballo	19
36. Biblioteca	19
37. Aseos.....	20
Medidas específicas para o alumnado con NEE	20
38. Medidas	20
39. Medidas e Tarefas (Seguemento).....	201
Previsións específicas para o profesorado.....	21
40. Medidas	21
41. Organos Colexiados e de Coordinación Docente	213
Medidas de carácter formativo e pedagóxico	23
42. Formación en educación en saúde	23
43. Difusión das medidas de prevención e protección	24
44. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais	25
45. Difusión do plan	25

Medidas de prevención básica

0. Datos do centro	
Código	Denominación
15990124	EOI de Santiago - Extensión EOI Santiago (Sar)
Enderezo	Código postal
Rúa Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, s/n	15702
Concello	Provincia
Santiago de Compostela	A Coruña
Teléfono	Correo electrónico
881 867162	eoi.santiago.sar@edu.xunta.gal
Sitio web	
https://www.eoisantiago.gal/	

1. Membros do equipo COVID-19

Membro 1	M ^a GUADALUPE RODRÍGUEZ SUÁREZ	Cargo	RESPONSABLE 1
Membro 2	LAURA IGLESIAS PADRÓN	Cargo	RESPONSABLE 2
Membro 3	PATRICIA ARES YÁÑEZ	Cargo	RESPONSABLE 3

Para a xestión da resposta ante un posible caso de COVID nas seccións desta EOI, os/as xefes/as de estudos de sección **seguirán as indicacións do Plan de Adaptación á situación Covid das distintas seccións**, e transmitirán dita información aos responsables. A xefatura de sección será a encargada de actuar de ligazón entre o equipo COVID do IES e a sección, así como co propio equipo COVID da EOI.

2. Centro de saúde de referencia

A Extensión EOI Santiago (Sar) terá como centro de saúde de referencia o mesmo que o que ten asignado o IES de Sar.

Centro: C.S. Fontiñas

Tfno: 981552914

En caso de urxencia: teléfono 900400116.

3. Outros contactos e recursos de referencia

-Resolución de dúbidas Consellería

-Teléfono de información COVID (Saúde): 900400116

-Xefatura Territorial de Educación

-Xefatura Territorial de Sanidade.

> 649829090 a partir das 15:00h.

-Plataforma Educovid: <http://edu.xunta.es/educovid>

4. Espazo de illamento COVID e elementos de protección que inclúe

O IES de Sar dispón dunha aula de illamento que será a que tamén empregue a Extensión EOI Santiago (Sar). Este espazo conta con unha ventá o que permite unha boa ventilación, tamén está abicado na planta baixa, próximo a unha porta de saída.

Inclúe o seguintes elementos de protección: máscaras, xel hidroalcohólico, así coma uns cadeiras para que o alumnado estea o máis cómodo posible mentres está esperando a ser recollido polos familiares ou a asistencia sanitaria.

5. Número de alumnas e alumnos por nivel e etapa

	A1	A2	B1	B2	C1	C2	CALC	Total
16:00-18:00				20				20
16:30-18:30	2	15	12	17	32	17	12	107
17:00-19:00				16				16
17:30-19:30	1		10					11
18:00-20:00							9	9
19:00-21:00		14		36	40	22		112
19:30-21:30	4		23	19	21	16		83
TOTAL	7	29	45	108	93	55	20	358

6. Cadro de persoal da Extensión EOI Santiago (Sar)

PERSOAL DOCENTE	10
PERSOAL NON DOCENTE - ADMINISTRACIÓN	0
PERSOAL NON DOCENTE - CONSERXARÍA	1
PERSOAL NON DOCENTE - LIMPEZA	2
AUXILIAR DE CONVERSA *(pendente de incorporación en marzo)	*1

7. Distribución de aulas

Aulas planta baixa (ver plano [aquí](#)): Aulas 1, 2, 3

Aulas primeiro andar (ver plano [aquí](#)): Aulas 5, 6, 7, 8, 10.

8. Canle de comunicación

COMUNICACIÓN PROFESORADO → EXTENSIÓN EOI SANTIAGO (SAR):

O profesorado da Extensión EOI (Sar) comunicará á xefatura de estudos da Extensión os casos de sintomatoloxía compatible coa COVID-19 e as correspondentes ausencias a través do teléfono indicado ao profesorado para esta circunstancia.

En caso de non poder establecer comunicación telefónica, para a comunicación escrita usarase o enderezo electrónico lupers@edu.xunta.es

COMUNICACIÓN ALUMNADO → EXTENSIÓN EOI SANTIAGO (SAR):

O alumnado da Extensión EOI (Sar) comunicará as ausencias derivadas de casos de sintomatoloxía compatible coa COVID-19 **ao profesor do grupo onde estea matriculado**. A comunicación farase á dirección de correo electrónico do profesorado publicada na páxina web da EOI de Santiago de Compostela. As direccións de correo electrónico do profesorado de Sar pódense consultar picando [aquí](#).

Para facer unha comunicación telefónica, empregárase o seguinte teléfono:

Tfno: 881867162 (só en horario de 15:00 a 21.30)

9. Rexistro de ausencias

- **Rexistro de ausencias do PROFESORADO:** Se a ausencia é por razóns COVID (positivo, sintomatoloxía compatible, ou contacto directo/estreito cun positivo), o profesorado ten que contactar de forma urxente coa xefatura de estudos da sección. Estas ausencias serán comunicadas pola xefatura da sección á sede central da EOI de Santiago de Compostela onde quedarán rexistradas nun documento denominado “incidencias COVID”.
- **Rexistro de ausencias do ALUMNADO:** o profesorado rexistrará as ausencias diariamente en Centros-NET, e deberá levar un rexistro da asistencia e ubicación do seu grupo nun documento que se cubrirá en cada período lectivo.

No caso de **ausencias do ALUMNADO derivadas de incidencias relacionadas coa COVID-19**, o profesorado informará das mesmas por correo electrónico á xefatura de estudos da sección. Pola súa banda, a xefatura da sección comunicará estas ausencias ao equipo COVID da EOI en Vite, que a súa vez levará rexistro destas a través do documento “incidencias COVID”.

10. Comunicación de incidencias

- A Consellaría de Cultura e Educación ten habilitada unha ferramenta informática, denominada “EduCOVID”, para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o centro de seguimento de contactos (CSC) alerte da existencia de casos positivos confirmados na Escola.
- A ferramenta informática subministrará a seguinte información, de xeito seguro e respectando a normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:
- Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recoméndase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.
- Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de COVID-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo.
- Como ocorre con calquera outro caso confirmado de COVID, a CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCOVID solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo.
- Neste momento, se previamente non se fixo, o Equipo Covid **deberá pórse en contacto coa CSC**.
- Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCOVID, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. Se a CSC atopa dificultades para localizar ao caso no centro concreto, facilitaralle a IdOrixe ao Equipo Covid e pediralle que

realice a súa carga en EduCOVID. **En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCOVID.**

- O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso. Estes contactos estreitos poderán seleccionarse da “Rede de contactos” proposta por EduCOVID na que se inclúen compañeiros de clase. Para esta determinación terase en conta o previsto no Anexo I BIS.
- Existe a posibilidade de que algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, polo que o Equipo Covid deberao incorporar de forma manual. Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos que precisan corentena, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCOVID. **No caso de que, conxuntamente coa CSC, non se identifiquen contactos estreitos no centro, premerase igualmente o botón “Notificar a Sanidade” sen seleccionar a ningunha persoa.** Deste xeito, o estado do expediente pasará de “Petición de contactos” a “Contactos comunicados”, coa correspondente traza temporal.
- No descrito previamente asúmese que, se é o Equipo Covid quen lle notifica á CSC que no centro existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de COVID-19, a CSC pode verificar esta información. Pode ocorrer que á CSC aínda non dispoña da información necesaria para facelo, polo que nesta circunstancia procederase do xeito seguinte:

1. Unha vez recibida a notificación, á CSC axudará a buscar indicios que verifiquen que se trata dun caso confirmado de COVID. Se hai información abondo, ou non é posible desbotar a información como resultado dun erro, o Equipo Covid cargará o caso en EduCOVID co IdOrixe 0000. Isto indicará que o caso aínda non está verificado.

2. Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e gárdanse, pero non se notifican. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será a xefa de estudos da sección quen adiante esta información aos posibles contactos estreitos (a eles e só a eles). A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de COVID-19, polo que deben quedarse na casa en corentena.

3. Entre tanto, o resultado positivo chegará á CSC e haberá unha IdOrixe válida. Nese momento, a CSC chamará ao centro e facilitaralle esta IdOrixe, para que o Equipo Covid modifique o Id 0000 polo IdOrixe real. Unha vez feito isto, o centro educativo notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e procederase de forma habitual, onde a CSC chamará aos contactos estreitos para enquisalos e iniciar o seguimento.

En todo este proceso, esixirase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da COVID.

O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares non vinculadas ao centro, terán que ser recollidos pola autoridade sanitaria.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguiranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargarse da vixilancia evolutiva das persoas

identificadas como contactos.

A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.

O equipo Covid de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

Medidas xerais de protección individual

Distancia de seguridade entre persoas

De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

Uso da máscara

O uso da máscara será obrigatorio con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

O alumnado e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.

Máscara de recambio

O centro proveerá de máscaras de reposto ao persoal e ao alumnado se for necesario.

Espazo e materiais escolares

Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo. Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

Ventilación

Deberá realizarse unha ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada e ao finalizar as clases, sempre se sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.

Hixiene de mans


O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro e sempre despois de ir ao aseo. A hixiene deberá facerse con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e co profesor do grupo no que estea matriculado á maior brevidade posible a través do correo electrónico ou nos seguinte teléfono

Horario de 15:00 a 21:30: 881867162

- Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos.
- Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

11. Croques de situación dos pupitres nas aulas con identificación da posición do profesorado



Croque xeral aulas do IES de Sar:

12. Distancia interpersonal e aulas

- De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 m nas interaccións entre as persoas do centro.
- A distancia que se manterá entre postos escolares de 1,5 m.; para a aplicación do criterio de medición, a distancia considerase desde o centro da cadeira. Sempre que sexa posible, retirárase outro mobiliario como andeis ou colgadores que limiten o espazo dispoñible.
- Os postos escolares estarán orientados nunha mesma dirección, cara á mesa do profesor.
- Unhas marcas no chan indican o lugar onde deben estar situados os pupitres, polo que cómpre asegurarse cada día que os pupitres estean nas súas marcas. os pupitres non se deben mover en ningún caso.

Na medida do posible, o profesorado asignará un posto fixo na aula ao alumnado de cada grupo e velará porque esa asignación non se modifique no transcurso das clases.

Se o tamaño da aula non permite as distancias previstas nos parágrafos anteriores retirárase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible.

Se co previsto na epígrafe anterior non puidese manterse a distancia de 1,5 metros, logo da autorización da inspección educativa, optárase polas seguintes opcións:

- Semipresencialidade rotatoria: Naqueles grupos nos que non se poida garantir a distancia de seguridade, as sesións presenciais repartíranse de xeito que a metade do grupo terá clase presencial de dúas horas o primeiro día, e a outra metade terá clase presencial de dúas horas o segundo. O resto da docencia ata completar 4 horas semanais, impartírase na modalidade virtual con actividades de autoaprendizaxe preferentemente.

13. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos (cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas)

Todas as aulas do IES de Sar cumpren as distancias mínimas.

14. Titorías co alumnado e as familias

- As titorías faranse de forma telemática (correo electrónico) ou por video chamada concertando cita previamente a través do correo electrónico do profesorado.
- Os enderezos de correo electrónico do profesorado e as súas horas de titoría estarán disponibles na web do centro e poden consultarse [aquí](#).

- De non ser posible realizar a titoría coas familias de xeito telemático, concertarase unha cita presencial nun espazo ventilado que garanta a separación mínima de 1,5 metros entre as persoas asistentes, previa cita e conformidade da xefatura de estudos.

15. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro

As canles preferentes de información ás familias e persoas alleas ao centro serán a páxina web e redes sociais, o correo electrónico e a circular informativa. Deixarase a comunicación presencial para aqueles casos en que sexa estritamente necesario.

- Para tratar temas de secretaría e matrícula: secretaria@eoisantiago.org
- Para solicitar certificados:
http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/tramites_certificaciones
- Para tratar temas que atinxan á dirección da EOI de Santiago de Compostela:
eoi.santiago@edu.xunta.gal.

16. Uso da máscara no centro

- Todo o alumnado, o profesorado e o persoal non docente terá a obriga de usar máscaras permanentemente no interior do centro (nas aulas e fóra delas, nos espazos comúns [corredores, baños, escaleiras, etc.], nas entradas e saídas, etc.), con independencia do mantemento da distancia interpersoal, sen prexuízo das exencións previstas na normativa.
- A máscara debe estar colocada correctamente durante todo o tempo de estadía no centro, cubrindo desde o nariz até o queixo. Non se pode retirar nin baixar para falar.
- O alumnado traerá as súas propias máscaras de casa, hixiénicas ou cirúrxicas, debidamente homologadas polas autoridades sanitarias e en perfecto estado de uso.
- Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio
- Dentro da información a subministrarlles ás familias, ao alumnado e ao persoal do centro, incluírase a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración e a necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos en que non se use.
- No centro haberá carteis con información que lembre a formación sobre uso de máscaras.
- O uso adicional de viseiras protectoras non é obrigatorio, aínda que non se prohíbe para as persoas que voluntariamente as queiran usar.

17. Información e distribución do plan entre a comunidade educativa

- Para lle facer chegar as medidas deste protocolo a toda a comunidade educativa utilizarase o sitio web do centro (<https://www.eoisantiago.gal/>), onde se creará unha ligazón específica.
- A comunicación do plan farase do seguinte xeito:
 - Mediante correo electrónico a todo o persoal do centro e aos integrantes do Consello Escolar xuntando copia do documento e indicando que estará ao dispor de toda a comunidade, xunto con calquera outra información relevante, no sitio web.
 - Mediante exposición verbal e entrega dun resumo ao alumnado nos actos de presentación ao comezo do curso.
 - Mediante carteis no centro.

O centro informará a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas.

Medidas de limpeza

*No tocante aos epígrafes 18, 19, 20, 21 e 22 correspondentes ás **Medidas de Limpeza**, na Extensión da EOI de Santiago (Sar) aplicarase o establecido polo **Plan de Adaptación á Situación Covid-19 no curso 2020-21 do IES de Sar**.

*18. Protocolo de limpeza

*19. Distribución horaria do persoal de limpeza

*20. Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

*21. Cadro de control de limpeza dos aseos

*22. Checklist para anotar as ventilacións das aulas

Material de protección

No referido aos epígrafes 23, 24 e 25 correspondentes ao apartado **Material de Protección, na Extensión da EOI de Santiago (Sar) aplicarase o establecido polo **Plan de Adaptación á Situación Covid-19 no curso 2020-21 do IES de Sar**.

****23. Rexistro e inventario do material de que dispón o centro**

****24. Sistema de compras do material de protección**

****25. Distribución, entrega e reposición do material**

Xestión dos gromos

26. Medidas

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tamén non acudiran ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo, as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e das Instrucións publicadas o día 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade. En virtude das mesmas:

- No caso do alumnado menor de idade, levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas no ANEXO VI: MODELO DE DOCUMENTO "PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO), e contactarase coa familia. O pai/nai ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo comunicará os datos do positivo ao centro de saúde de referencia e incluírá á rede de contactos a través da aplicación "EduCovid" para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.
- O/A traballador/a ou alumnado adulto que inicie síntomas abandonará o centro protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu/súa médico/a de atención primaria. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo incluírá á rede de contactos a través da aplicación "EduCovid" para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.

ESCENARIOS NO SUPOSTO DOS GROMOS

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou de varias aulas, dun nivel educativo ou da Escola na súa totalidade, de conformidade co previsto na “Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos” e mais no “Protocolo de actuación da Consellaría de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2” (DOG do 20 de agosto de 2020), cos seguintes supostos:

Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.

As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena, estando illados nos seus domicilios e suspenderán, mentres dure esta, a asistencia ao centro por un período de 10 días, e sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias.

O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.


En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, que desenvolve as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Os centros deberán incorporar a sistemática prevista no plan de continxencia, naquelas cuestións que son da súa responsabilidade, ao seu propio Plan de

Continxencia, previsto no Anexo VI.

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.



COVID-19
CIRCUÍTO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO DE INFECCIÓN ACTIVA POR SARS-CoV-2
DUN ALUMNO/PER SOAL DOCENTE/PER SOAL NON DOCENTE/CONVIVENTE S
FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO

ALUMNO/PER SOAL DOCENTE/PER SOAL NON DOCENTE/CONVIVENTE
FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO

"ENQUIISA DE AUTOAVALIACIÓN
CLÍNICA DO COVID-19"

Febre maior de 37,5°C
Tose seca
Dificultade respiratoria
Fatiga severa (cansazo)
Dor muscular
Falta de olfacto
Falta de gusto
Diarrea

Realización diaria da "Enquisa de
Autoavaliación clínica do Covid-19"

Sintomatoloxía compatible
con COVID-19?

SI

NON

Caso sospeitoso de infección activa
por SARS-Cov-2

NON ACUDIR ao centro educativo

ILLAMENTO obrigatorio no domicilio

CONTACTAR con
- Médico de atención primaria/Pediatra/Mutua/
Servizo de urxencias/061
- "Equipo Covid do centro educativo"

ACUDIR AO CENTRO EDUCATIVO

ACTUACIÓN CLÍNICA E VALORACIÓN DA REALIZACIÓN
DE PROBAS DIAGNÓSTICAS POLO PERSOAL SANITARIO

27. Responsable das comunicacións das incidencias ás autoridades sanitaria e educativa

- A xefa de estudos da Extensión da EOI (Sar) (ou, na súa ausencia, o suplente correspondente do equipo COVID-19) comunicaralles as incidencias ás autoridades sanitarias e educativas.
- Procedemento de comunicación: V. punto 9.

Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade

28. Procedemento de solicitudes

- De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español, as persoas traballadoras vulnerables á COVID-19 realizarán o seu labor no centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, mantendo as medidas de protección de forma rigorosa.
- O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de persoal traballador especialmente sensible á infección e emitir un informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2 (*Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente al COVID-19 para centros educativos en el curso escolar 2020-2021*, páx. 11).

Medidas de carácter organizativo

29. Entradas e saídas

- O obxectivo das seguintes medidas é que non se axunten grupos de persoas, tanto á entrada como á saída do centro, debendo en todo momento garantir as medidas de distanciamento físico interpersonal.
- Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada de acompañantes.
- En cumprimento do protocolo de adaptación á situación Covid-19, para evitar aglomeracións nas entradas e saídas ao centro, haberá unha porta de entrada ao centro (porta principal do IES) e unha porta de saída diferente (porta lateral). Pódense consultar a ubicación das mesmas neste [plano](#).
- Haberá como mínimo 15 min de ventilación entre as clases de grupos que comparten aula

en horario consecutivo.

- Habará sinalización no chán que indica que se debe transitar polos corredores sempre pola dereita. No centro circularase en corredores e escaleiras pola dereita de un en un mantendo a distancia de seguridade.
- As pautas que profesorado, persoal do centro en xeral e alumnado deberán seguir son as seguintes:

Na entrada e saída do centro, non se permite que o alumnado quede formando agrupacións nos corredores, nin no exterior do recinto escolar.

A entrada e saída será ordeada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade.

Á hora de inicio de clase de cada grupo, o alumnado usará a porta principal para acceder ao centro de un en un, e dirixirase directamente a aula que lle corresponda.

No interior do centro, o alumnado respetará a sinalización de circulación polos corredores ata chegar as aulas.

O alumnado terá que respetar en todo momento a distancia de seguridade interpersoal de 1,5m nos desprazamentos dentro do centro.

Á hora de finalización de clase de cada grupo, o alumnado dirixirase cara a porta de saída do centro (porta lateral). A saída será ordeada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade.

En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado. De ser o caso, o profesorado informará ao alumnado que ten clase a continuación doutro grupo da necesidade de desinfección das mesas e cadeiras.

Pódese consultar a entrada e saída do centro, e a circulación no mesmo nos seguintes planos: **planta baixa** ([plano](#)) e **primeiro andar** ([plano](#)).

30. Circulación polo centro

- Nos corredores establececeronse sentidos de circulación diferentes en ambas marxes do corredor, dividíndoos con fita plástica. Nos espazos comúns indícase o sentido da circulación, de forma individual e respectando a distancia de seguridade.
- Na entrada e saída da aula o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.
- O profesorado velará porque o material estea recollido polo alumnado e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido de xeito que se eviten demoras.
- O uso do ascensor quedará limitado ás persoas que o precisen por motivos de mobilidade que, en todo caso, deberán usar máscara.

- Para os desprazamentos polo centro respectarase o sentido de subida ou baixada fixado para as escaleiras.

31. Carteis e sinais

- O centro dispón de carteis informativos (en tamaño A3 ou superior) nas entradas, nos corredores, nas escaleiras e nas zonas de recreo que advirtan sobre a distancia de seguridade, a sintomatoloxía da COVID-19 e as medidas de hixiene social e individual.
- Na medida do posible evítase, para facilitar a limpeza, a colocación doutro material nas paredes de corredores e aulas.
- Os carteis de uso preferente serán os subministrados pola administración autonómica ou impresa polo propio centro.
- Nas aulas e nos aseos reforzase a información sobre a hixiene individual.
- Chan: frechas direccionais e pasos e liñas marcadores da distancia de seguridade.
- Paredes, portas de entrada, aseos, anteparos divisorios e taboleiros de cortiza: carteis de “sentidiño” e instrucións.

32. Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva

- As actividades culturais e de promoción do idioma realizaranse de maneira telemática.
- O Equipo de coordinación de actividades culturais fará unha proposta de actividades que se poidan levar a cabo nos diferentes departamentos cumprindo con estas normas e as restricións sanitarias establecidas.
- A súa promoción farase, coma en anos anteriores, a través do profesorado na aula, os carteis de actividades, a páxina web do centro, as redes sociais e pantalla informativa da entrada.

33. Xuntanzas do Consello Escolar

- As reunións do Consello Escolar poderanse celebrar telemática ou presencialmente, dada a existencia de espazos con capacidade suficiente que permite garantir as distancias de seguridade.

34. Titorías e comunicacións coas familias

V. punto 13

Medidas para os espazos do centro

35. Aulas, departamentos e salas de traballo

- A distancia que se manterá entre os usuarios dos espazos será a máxima que permita a estancia, sendo como mínimo de 1,5 m., para a aplicación do criterio de medición, a distancia considerase desde o centro da cadeira.
- Coidarase a orde nas mesas da aula, facendo a limpeza e desinfección establecidas neste plan.
- O alumnado non compartirá o material de uso propio (bolígrafo, lapis, goma, regra, calculadora, etc.).
- Nos casos que sexa necesario, o profesorado indicará ao alumnado que debe hixienizar as súas-mesas e cadeiras. Para realizar a desinfección da mesa e cadeira o alumnado seguirá as indicacións do profesorado da aula.
- Os equipos de traballo, así como as xanelas, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores e mais as restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou polo persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Cada docente limpará a mesa e o computador ao entrar e ao saír da aula.
- Cada cadeira e cada mesa de cada aula de grupo poderá estar asignada a unha persoa. Na asignación deberanse ter en conta os posibles problemas visuais ou de calquera outra índole que se poidan ter.
- En todos os espazos do centro haberá papel desbotable, solucións viricidas e papeleiras de pedal para a desinfección do mobiliario.

36. Biblioteca

- A biblioteca da Extensión da EOI (Sar) está ubicada no segundo andar, na biblioteca do IES de Sar.
- A biblioteca terá un horario de apertura restrinxido a realizar servizo de empréstito e devolución dos materiais bibliográficos da Extensión da EOI de Santiago (Sar).
- O alumnado e persoal deberá hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala, así como respectar a distancia de seguridade e a capacidade máxima permitida para este espazo.
- Os fondos da biblioteca do IES de Sar non poderán consultarse en sala este curso por razóns de seguridade sanitaria.
- De ser o caso, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

- Para facer devolución de materiais, o alumnado seguirá as instrucións do profesorado na sala e depositará o material nunha caixa disposta ao efecto.
- O material devolto e o recentemente catalogado deberá permanecer illado un mínimo de catro horas antes de volver aos andeis.
- O profesorado encargado dos préstamos e da catalogación, seguirá as instrucións de ventilación da sala e de limpeza dos postos informáticos despois do seu uso.
- Os postos informáticos da biblioteca non se poderán usar por parte do alumnado por razóns de seguridade sanitaria.
- A coordinadora da biblioteca na sección de Sar creará e manterá durante o curso un blog de dinamización da lectura.
- Haberá un club de lectura na sección de Sar que se levará a cabo de forma telemática.

37. Aseos

- O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo da súa capacidade máxima. As persoas usuarias deberán hixienizar as mans á saída do mesmo.
- O persoal docente e non docente empregará os aseos situados na área do profesorado, evitando utilizar en todo caso os aseos destinados ao alumnado.
- Manterase unha correcta ventilación dos cuartos de baño durante toda a xornada escolar.
- O persoal de limpeza asegurará en todo momento a subministración do material hixiénico necesario (xabón, papel desbotable de un só uso, etc.).
- Permitirase a utilización dos aseos durante as horas de clase.
- Evitarase tocar directamente coas mans (utilizarse un papel), aquelas superficies onde hai un maior risco de contaxio: pomos e pechos, cisternas, cadeas dos inodoros, etc.
- Nos aseos haberá papeleiras con bolsa protexidas con tapa e accionadas por pedal.
- Garantirase a hixiene dos aseos durante toda a xornada escolar, dacordo coas medidas de limpeza establecidas polo IES de Sar.

Medidas específicas para o alumnado con NEE

38. Medidas

- Solicitaranse indicacións, pautas e protocolos de actuación aos Departamentos de Orientación Específicos da Consellería de Cultura e Educación.
- Avisarase ao profesor do grupo para que supervise que o alumnado comprende e cumpre coas medidas preventivas.
- No caso de que o ensino non sexa totalmente presencial, o profesorado seguirá as medidas contempladas nas programacións de cada idioma
- O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira

no respectar a distancia de seguridade.

- No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas e traslado polo centro así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.
- O Equipo de Orientación provincial colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.
- O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

39. Medidas e tarefas. Seguemento

- Posto que o centro no conta con persoal especialista, solicitaranse indicacións, pautas e protocolos de actuación aos Departamentos de Orientación Específicos da Consellería de Educación.
- No caso de que o ensino non sexa completamente presencial, seguiranse as indicacións do Equipo de Orientación provincial.
- Cando se dispoña da información de alumnado con necesidades especiais matriculado no centro no curso 20-21 valorarase se é preciso establecer algunha outra medida.

Previsións específicas para o profesorado

40. Medidas

- Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.
- O profesorado deberá dispor dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.
- En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.
- Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e a capacidade dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.
- O equipo directivo determinará a capacidade máxima de salas de profesores e

departamentos que permita cumprir a distancia de seguridade, con carácter xeral, de 1,5 metros, marcando os espazos susceptibles de utilización e lembrando a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou maquinas expendedoras.

- Na realización de reunións de titorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante videochamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade e o emprego de máscara xunto coa dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.
- O persoal docente deberá realizar, antes da chegada ao centro, unha autoenquisa diaria de síntomas (a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I do protocolo do 31 de agosto) para comprobar se os eventuais síntomas son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2.
- De haber polo menos un dos síntomas, o/a profesor/a comunicarllo a xefa de estudos da sección e non acudirá ao centro.
- Neste caso, o/ profesor/a manterase en illamento preventivo domiciliario e porase en contacto co seu centro de saúde ou coa súa mutua. Serán os/as facultativos quen determinen os seguintes pasos a dar.
- Na súa actividade docente, o profesorado minimizará o uso do papel e procurará empregar recursos dixitais nas aula.
- O profesorado manterá unha conduta exemplar no cumprimento das medidas de protección (mantemento da distancia interpersoal de 1,5 m, uso da máscara, hixienización de mans, do posto de traballo e material empregado na clase, etc).
- O profesorado concienciará o alumnado do carácter social da pandemia e do beneficio xeral do cumprimento das normas.
- Evitarase o desprazamento do alumnado dentro da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.
- En cada cambio de grupo, o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de supervisar que o alumnado cumpra coas medidas hixiénicas e de seguridade.
- Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e respectando a capacidade máxima dos espazos. No caso de non se poder celebrar reunións de maneira presencial, recorrerase ao sistema telemático.
- Na sala de profesorado e nos departamentos, sinalizase a capacidade máxima. Respetarase a distancia de seguridade de 1,5 e marcaranse os espazos susceptibles de utilización. Lémbrese a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común (teclados, pantallas, impresora, etc.).
- Recomendacións xerais do uso dos departamentos e sala do profesorado:
 - As cadeiras non poderán deslocalarse do lugar que ocupan arredor das mesas, situadas de xeito que cumpren a distancia de seguridade.
 - Cando unha/un docente ocupe un espazo ocupado anteriormente por outra persoa, procederá á desinfección das superficies utilizadas mediante o limpador desinfectante multiúsos de pistola e papel desbotable, e despois desinfectará as mans. O mesmo procedemento valerá para o uso dos ratos e dos teclados dos computadores.
 - As xanelas e a porta permanecerán abertas, sempre que for posible, para favorecer a

ventilación.

- O profesorado evitará compartir material.
- Non se permitirá a entrada de alumnado na sala de profesores da sección ou na sala de profesores do IES.
- Ao rematar o seu uso, as mesas deben quedar totalmente despexadas.

41. Órganos colexiados e de coordinación docente

De conformidade co disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas de xeito telemático.

As reunións dos órganos cuxo número de integrantes sobrepasen a capacidade máxima permitida nos espazos do centro, como é o caso do claustro e o departamento de inglés, celebraranse de xeito telemático. Nestas sesións realizadas a distancia, garantirase a identidade dos seus membros, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto.

A estes efectos considerárase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

Medidas de carácter formativo e pedagógico

42. Formación en educación en saúde

- O equipo COVID debe asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.
- Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.
- Comunicarase (incluída a publicación na web) a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.
- Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa

actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

- Diseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte á COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.
- A Consellería de Sanidade e o SERGAS impartirán a través da presenza de profesionais no centro ou mediante fórmulas de teleformación, a formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2020/2021 incluíranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.

43. Difusión das medidas de prevención e protección

O equipo COVID asegurase de que a información sobre os protocolos e medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde cheguen e sexan comprendidos por toda a comunidade educativa, potenciando o uso de sinalética e infografía que deberá ser debidamente actualizada.

Para a difusión das medidas de prevención e protección, utilizaranse os carteis e os sinais achegados pola administración, así coma os elaborados polo centro, incluídos:

- círculos e liñas marcando a distancia de seguridade nos espazos comúns
- carteis solicitando o uso de xel hidroalcohólico en cada un dos dosificadores
- carteis indicadores da capacidade máxima na porta de cada un dos espazos
- carteis recordatorios da importancia de manter a distancia de seguridade
- carteis en todas as aulas con información precisa sobre o uso correcto das máscaras, e a súa duración ou necesidade de lavado
- carteis nos accesos ao centro e nos departamentos recordando aqueles supostos nos que, segundo as autoridades sanitarias, o persoal e o alumnado non debe asistir ao centro
- carteis nos aseos con instrucións para un correcto lavado de mans
- marcas no chan para gardar a distancia de seguridade entre pupitres
- carteis informativos coas normas de uso da biblioteca, tanto para a catalogación de fondos coma para o seu préstamo e devolución.

Ademais dos carteis situados nos espazos estratéxicos, estas medidas difundiranse a través da páxina web.

Na páxina web do centro crearase unha sección COVID, na que se publicarán:

- unha copia do plan da EOI de Santiago de Compostela (Vite).
- os plans das seccións
- unha presentación resumo máis visual e doada de asimilar para a comunidade

educativa

- os carteis informativos sobre medidas de prevención e protección

Toda a información será actualizada regularmente, seguindo as instrucións que vaian dictaminando as administracións competentes.

44. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais

Profesorado responsable:

- Fernando Fernández Cortizas, coordinador TIC da EOI de Santiago (Vite).
- Isabel de la Cruz Fernández-Pacheco, vicedirección.

O profesorado responsable desenvolverá as seguintes tarefas:

- xestión da plataforma Moodle aloxada na web do centro.
- elaboración de instrucións para a creación dos cursos, a matriculación do alumnado, a xestión de grupos, etc.
- coordinación da formación inicial sobre ferramentas dixitais impartida no centro.
- apoio técnico-pedagógico ao profesorado no manexo das aulas virtuais, mediante a elaboración de tutoriais, resolución de incidencias e sesións formativas.
- apoio técnico ao alumnado no manexo das aulas virtuais, mediante a elaboración de tutoriais que estarán dispoñibles na plataforma Moodle.

45. Difusión do plan

Este plan seralles enviado ás autoridades educativas e sanitarias e estará dispoñible no sitio web do centro: <https://www.eoisantiago.gal>